

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO
EXAME*
UNIDADE 1

NOME	APELIDOS	CURSO
------	----------	-------

1. Marca cunha cruz a resposta correcta: (2,34 puntos)

1. Entre as áreas de Europa que experimentaron unha certa modernización desde o século XVII estaban: ☐ o sur de Francia e o norte de Inglaterra ☐ o norte de España e o sur de Italia ☐ os Países Baixos	2. Os campos abertos ou openfield eran grandes extensións de terreo sen valados que se dedicaban principalmente ao cultivo de: ☐ cereais ☐ hortalizas e legumes ☐ viño e oliveiras
3. O décimo eclesiástico era un imposto que o campesiñado entregaba ao clero e que consistía: ☐ na décima parte das propiedades do señor ☐ no dez por cento da colleita ☐ na décima parte dos beneficios dos sorteos celebrados durante o Nadal	4. As necesidades financeiras das monarquías medraron continuamente ao longo da Idade Moderna debido a motivos como: ☐ as escasas guerras ☐ a alta produtividade agrícola ☐ o incremento da burocracia
5. A mortalidade descendeu durante a segunda metade do século XVIII entre outros motivos porque: ☐ se produciron máis epidemias ☐ aumentaron as malas colleitas ☐ mellorou a dieta alimenticia	6. O crecemento económico que se produciu nalgúns países europeos na segunda metade do século XVIII debeuse entre outros motivos ao: ☐ crecemento continuo da poboación ☐ descenso da demanda de produtos básicos ☐ incremento das epidemias
7. Os campos pechados ou Bocage eran parcelas pequenas delimitadas por valados ou sebes que formaban parte dunha paisaxe típica: ☐ do centro de Europa ☐ da Europa atlántica ☐ da área mediterránea	8. As terras de propiedade comunal que existían en toda Europa das que se beneficiaban todos os habitantes das aldeas ou vilas adoitaban ser: ☐ zonas fértiles de cultivo ☐ campos pechados ou bocage ☐ pasteiros para o gando
9. A maior parte da poboación europea durante o Antigo Réxime era: ☐ xente marxinada das cidades ☐ campesiña ☐ alto e baixo clero	10. Os servos eran campesiños que: ☐ eran propietarios das terras que traballaban ☐ podían abandonar libremente as terras do señor ☐ pertencían ás terras do señor
11. A desigualdade de orixe que existía na sociedade do Antigo Réxime: ☐ facía moi difícil cambiar de posición social ☐ permitía elixir o estamento no que nacer ☐ impedía a existencia dunha división social rixida e desigual	12. A aristocracia era un grupo social do Antigo Réxime que estaba integrado: ☐ por nobres con escasa influencia social ☐ polas familias máis ricas e poderosas ☐ por cargos da escala máis baixa da Administración e do Exército
13. O grupo social do Antigo Réxime que incluía a comerciantes, propietarios dos obradoiros e doutros negocios, funcionarios, médicos, artistas ou homes de letras era: ☐ a baixa nobreza ☐ o terceiro estado ☐ a burguesía	14. A burguesía desempeñaba un papel reducido na sociedade do Antigo Réxime entre outros motivos polo: ☐ monopolio de poder que exercían a aristocracia e a xerarquía eclesiástica ☐ escaso interese dos burgueses por participar nos asuntos políticos ☐ precaria situación económica na que se atopaba toda a burguesía
15. A política de reformas aplicada polos gobernos do despotismo ilustrado procuraba: ☐ alterar a base do Antigo Réxime ☐ desenvolver a industria e o comercio ☐ paralizar o avance da ciencia e da educación	16. As Provincias Unidas e Inglaterra conseguiron impoñer réximes parlamentarios nos que: ☐ os monarcas gobernaban de forma absoluta ☐ as clases medias lograron participar no exercicio do poder político ☐ instauraron un sistema republicano en ambos os dous casos

17. Os monarcas absolutos do Antigo Réxime buscaron a alianza e a cooperación dos señores feudais, dos gremios, da Igrexa ou dos funcionarios poderosos a cambio de: ☐ manterlles o poder e a autonomía ☐ obrigarlle a toda a poboación a pagar impostos ☐ impartir a xustiza real dentro dos señoríos xurisdiccionais	18. O despotismo ilustrado foi un sistema político aplicado por algunhas monarquías absolutas do século XVIII que: ☐ non eran conscientes dos graves problemas económicos que sufrían os seus países ☐ formularon unha política de reformas baseada nas ideas da Ilustración ☐ pretendía modificar os fundamentos do absolutismo
19. John Locke foi un pensador e filósofo inglés que opinaba que os homes son libres e iguais por natureza pero que para manter eses principios era preciso: ☐ unha concentración de poderes nas mans do rei ☐ unha rebelión continua dos súbditos contra os gobernantes ☐ un dereito político baseado nun pacto social	20. A Enciclopedia foi unha obra escrita polo matemático D'Alembert e polo filósofo Diderot na que se defendía o: ☐ desprezo pola pedagogía experimental ☐ interese pola ciencia e pola técnica ☐ mantemento das bases económicas do Antigo Réxime

2. Explica a seguinte cuestión: (2,34 puntos)

- a) As bases do pensamento ilustrado

3. Define os seguintes conceptos tendo en conta o que estudiaches no tema:

- a) BOCAGE, SEÑORÍO XURIDISCIONAL, MERCADOS, GRANDES COMPAÑÍAS PRIVILEXIADAS e CLERO REGULAR. (2,34 puntos)

4. Comenta o seguinte documento seguindo as pautas que aparecen a continuación: (3 puntos)

O contrato social e os seus efectos, segundo Rousseau

"Este tránsito do estado de natureza ao estado civil produce no home un cambio moi importante, substituíndo na súa conduta o instinto pola xustiza e dando ás súas accións o carácter moral que antes lles faltaba [...]. Unicamente entón, cando a voz do deber sucede ao impulso físico e o dereito ao apetito, o home [...] vese obrigado [...] consultar a razón antes de escoitar as súas inclinacións [...].

O que o home perde polo contrato social é a súa liberdade natural e o seu dereito ilimitado a todo o que o tenta e pode alcanzar; o que gaña é a liberdade civil e a propiedade de todo o que posúe. Para non enganarse nestas compensacións, hai que distinguir ben a liberdade natural, que non ten outros límites que as forzas do individuo, da liberdade civil, que está limitada pola vontade xeral, e a posesión, que non é máis que o efecto da forza ou o dereito do primeiro ocupante, da propiedade, que só pode fundarse dun título positivo."

J.-J. ROUSSEAU,
O contrato social, 1762

Pasos a seguir para o comentario do texto histórico

a) CLASIFICACIÓN

- Natureza do texto (texto xurídico, histórico-literario, narrativo, historiográfico, económico, relixioso...)
- Época na que foi escrito
- Lugar no que foi escrito
- Autor ou autores
- Destino
- Intención e obxectivos

b) ANÁLISE

- Tema
- Temas ou ideas secundarias

c) COMENTARIO

- Exposición do tema ou temas que trata o texto, **facendo sempre referencia ao contido dos documentos**
 - Mención dos antecedentes en primeiro lugar
 - Exposición do tema e do contexto histórico co que está relacionado directamente o documento a continuación
 - Mención das consecuencias para finalizar

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica do texto como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)